



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de marzo de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día nove de marzo de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora xeral adxunta, Sr. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(240).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(241).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIÓNS EN PAZ 2018”. EXPTE. 150284/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 6/03/18, dáse conta do informe-proposta de data 8/03/18 asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, a concelelira delegada de Política Social e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A asociación «Solidariedade Galega co Pobo Saharai» ten, entre os seus fins, promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o pobo galego e o

pobo saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político entre ámbolos dous pobos e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.

I.2. Estes fins materialízanse no seu proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIONS EN PAZ”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharais desde os campamentos de refuxiados de Tindouf á nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto. Facilitarlles asistencia médica, ofertar unha alternativa de lecer e tempo libre así como sensibilizar sobre a situación do pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

I.3. Este proxecto desenvólvese desde hai máis de quince anos, amosando unha capacidade de organización e responsabilidade notorias, contando cunha grande experiencia e unha ampla rede de solidariedade en Vigo. Enténdese que as Administracións Públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias destes cidadáns; apoio que se traduce en subvencionar o desprazamento destes nenos ata a nosa cidade.

I.4. Para a realización de canto antecede, no orzamento de Benestar Social do ano 2018 existe consignación de crédito na aplicación nº 2310.489.00.11 – *convenio saharais*-, por un importe de 60.000 €. A subvención que se propón está prevista, pois, no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa (nominativa) segundo o artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.5. A máis abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión desta subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de execución do orzamento: competencias de aplicación, contra-prestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.6. Tendo en conta as características humanitarias do proxecto, enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento, e as necesidades específicas da entidade promotora para levalo a cabo, obrigada a efectuar o pagamento dos billetes de avión dos/as nenos/as ás liñas aéreas alxerianas antes do 30.04.2018, realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “*sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida*”.

I.7. Neste caso, o obxecto de subvención vai destinada a financiar os gastos do desprazamento, desde Tindouf ata Vigo, de menores refuxiados do Sáhara Occidental; nenos e nenas que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, polo que a razón humanitaria está suficientemente xustificada.



Concello de Vigo

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación «Solidariedade Galega co Pobo Saharai» para a execución do proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIONES EN PAZ” - 2018.

I.8. Tal como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.9. O 06.03.2018 a Intervención xeral municipal emitiu informe fiscalizando de conformidade o expediente sempre que con carácter previo ó sometemento deste á XGL se introducisen no clausulado do Convenio as adaptacións procedentes para dar cumprimento ó disposto no Art. 14.2 da LPACAP sobre a obrigatoriedade de que entidades como SOGAPS se relacionen electronicamente coas AAPP.

Esas adaptacións foron xa incorporadas ó texto do Convenio sometido agora á aprobación da XGL. En concreto, procedeuse a dar unha nova redacción ás Cláusulas oitava e novena, recollendo expresamente, tal como indica Intervención, a necesidade de presentar a conta xustificativa a través da sé electrónica do Concello de Vigo por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e de achegar facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

I.10. Figura tamén xa no expediente electrónico o correspondente documento RC (ref. 301/150284) por importe de 60.000 €, expedido con data 06.03.2018 (Núm. Operación: 201800023357).

I.11. Esta nova proposta substitúe á formulada pola Xefatura da Área de Benestar Social en data 05.02.2018 (trámite nº 16), conformada polos Concelleiros delegados das Áreas de Política Social e Orzamentos e Facenda o 05.02.2018 e 06.02.2018, respectivamente.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a «Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai» (CIF G-15924558), para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “Vacacións en paz

2018”, que incorpora as modificacións/adaptacións indicadas pola Intervención xeral municipal no seu informe do 06.03.2018.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 60.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 -*Convenio saharauis*– do orzamento vixente, destinado a financiar os gastos de desprazamento de nenos/as saharauis procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIÓNS EN PAZ 2018”»

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2018

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D^a. Maite Isla Aviión, con DNI nº 35.544.300-P, Presidenta da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» (SOGAPS), CIF nº G-15924558, con sede social na Avda. Gregorio Espino, nº 57, baixo, de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. Maite Isla Aviión, actuando en representación da Asociación «SOGAPS», segundo así resulta da certificación do acordo adoptado na súa Asemblea xeral extraordinaria o 23.12.2013 e dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.



Concello de Vigo

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Asociación «SOGAPS» é unha ONG, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia con número 2004/007037 que ten entre os seus fins promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre os Pobos galego e saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.

II.- Que esta Asociación ven desenvolvendo co Concello de Vigo desde hai anos un importante labor coa realización do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharais desde os campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria) ata a nosa cidade para seren acollidos por parte de familias vieguesas durante os meses de xullo e agosto.

Facilitarlles asistencia médica e alimentación, evitar a súa estancia nos campamentos durante eses meses de verán nos que se acadan temperaturas de máis de 50°C no deserto, ofertarlles unha alternativa de lecer e tempo libre así como sensibilizar sobre a situación do Pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

A Asociación «SOGAPS» conta co recoñecemento do goberno saharai para a realización deste proxecto, sendo a única asociación autorizada para levalo a cabo en Galicia.

III.- Que o Concello de Vigo, tendo en conta as razóns de tipo humanitario e solidario implícitas neste proxecto de acollemento familiar temporal, xustifica e considera conveniente a concesión da subvención prevista. Ademais, os datos dispoñibles apuntan a un incremento da demanda de familias acolledoras, quedando mesmo familias sen esta posibilidade, polo que se entende que as Administracións públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias destes cidadáns; apoio que se traduce, no caso concreto, na concesión dunha subvención que faga posible o desprazamento destes nenos e nenas saharais ata a nosa cidade.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do

27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, en tanto que destinada a cofinanciar os gastos derivados dos desprazamentos de menores refuxiados do Sáhara occidental, nenos e nenas, nados no exilio, que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, nun contorno de conflito armado e que precisan da axuda externa para sobrevivir.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Que en base ás precedentes consideracións e ó interese social e humanitario que para o Concello de Vigo representa a actividade da Asociación «SOGAPS», as partes intervincentes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da precitada subvención de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai (SOGAPS)» para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz”, que consiste no traslado a Vigo de nenos e nenas saharais procedentes dos campamentos de



Concello de Vigo

refuxiados en Tindouf (Alxeria) para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas. O número total de nenos/as beneficiarios/as estará en función do custo do traslado e da cantidade subvencionada.

SEGUNDA.- Para estes efectos, a Asociación «SOGAPS» comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo nese traslado dos menores saharauis desde Alxeria ata Vigo para pasar o verán acollidos en familias da nosa cidade e, especificamente:

- 1) A buscar e seleccionar ás posibles familias acolledoras.
- 2) A asignar ós menores ás familias seleccionadas, así como a solicitarlles a documentación esixida tanto pola Subdirección do Menor da Xunta de Galicia como pola Subdelegación do Goberno. A Asociación comprométese tamén a facilitarlle ó Concello de Vigo o nome, enderezo e teléfono de contacto das familias acolledoras.
- 3) A facer un exhaustivo seguimento do traslado dos menores desde Alxeria á nosa cidade, conxuntamente coa Delegación saharai para Galicia.
- 4) A asegurarse de que as familias realizan as correspondentes revisións pediátricas ós menores por mor do convenio asinado coa Consellería de Sanidade e seguindo os criterios e parámetros marcados pola comisión médica da Asociación «SOGAPS».
- 5) A dispor o necesario para subscribir as pólizas de seguros que garantan a cobertura de todos os aspectos da actividade.
- 6) A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 7) A someterse ás actuacións de comprobación que estime oportuno efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da Memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación «SOGAPS» unha subvención para o exercicio de 2018 por importe de 60.000€ (SESENTA MIL EUROS) prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº 2310.489.00.11 -convenio saharauis) para a execución do proxecto de acollemento familiar temporal "Vacacións en Paz 2018".

CUARTA.- Tendo en conta as características humanitarias do proxecto, enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento, e as necesidades específicas da entidade promotora para levalo a cabo, obrigada a efectuar o pagamento dos billetes de avión dos/as nenos/as ás liñas aéreas alxerianas antes do 30.04.2018, realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención "*sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida*".

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a VIXENCIA do Convenio (2018).

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- Para a xustificación da subvención a beneficiaria deberá achegar, no prazo de dous (2) meses desde o remate da actividade subvencionada e, en todo caso, antes do **01** de novembro de 2018, a documentación que xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos.

A documentación da conta xustificativa deberá **achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela** e incluírá unha declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e, de ser o caso, o importe, procedencia e aplicación doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

Así mesmo, deberá presentar unha Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e unha declaración responsable do perceptor acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance



Concello de Vigo

que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, pero que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da Asociación «SOGAPS» e dous representantes municipais e presidida pola Concelleira da Área de Política Social.

DÉCIMO QUINTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SEXTA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerá pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

3(242).- COMPOSICIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5266/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 8/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos del Sector Público (RLCSP).

ANTECEDENTES

En data 26 de xuño de 2015 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) aprobou a composición da Mesa de Contratación permanente do Concello de Vigo, modificada por acordos de 10 de xuño de 2016, 13 de xaneiro de 2017 e 13 de xullo de 2017.



Concello de Vigo

A entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, motiva a necesidade de modificar a composición da mesma.

Con ocasión desta modificación parece aconsellable adoptar unhas normas de funcionamento da Mesa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Procedementos nos que deberá intervir a Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo

A lei de contratos impón como órgano necesario de asistencia aos órganos de contratación das Administracións Públicas a mesa de contratación, e permite que se constitúan mesas de contratación permanentes (artigo 326 e disposición adicional 2ª.7 da LCSP).

A súa intervención é obrigatoria nos seguintes procedementos: abertos, abertos simplificados, restrinxido, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación.

No entanto, a súa intervención é potestativa nos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previstos no artigo 159.6 da LCSP, e nos procedementos con negociación nos que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, agás, neste último caso, que concorra o suposto previsto no artigo 168 b) 1.º, que a utilización deste procedemento se fundamente na existencia dunha imperiosa urxencia (artigo 326.1 LCSP).

Nos procedementos con negociación parece aconsellable sempre a intervención da Mesa, excepto no suposto previsto no artigo 168.a). 2º “cando as obras, subministracións ou servizos so poidan ser encomendadas a un empresario determinado”.

Nos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada, que se caracterizan pola súa simplicidade e a supresión de trámites con respecto ao procedemento aberto, pola súa contra, en aras da axilidade do procedemento, parece preferible prescindir da intervención da Mesa de Contratación.

-II-

Composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo

A disposición adicional 2ª.7 da LCSP establece unha composición mínima e obrigatoria das mesas de contratación das Entidades Locais. En cumprimento desta disposición, é preciso proceder ao nomeamento dos membros que formaran parte da Mesa permanente do Concello de Vigo.

Consonte ao citado artigo “A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vocais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-presupostario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da

Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación”.

Á vista deste precepto, e tendo en conta que na actualidade forman parte da Corporación tres grupos políticos, para manter un vocal de cada un na Mesa, é preciso incrementar o número de persoal funcionario. Así, manterase a actual composición, resultante dos acordos citados nos antecedentes do presente informe, incorporándose a mesma a xefa do servizo de contratación.

-III-

Normas de funcionamento da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo

Tal e como prevé o artigo 15.3 da LRJAP no presente acordo aprobaranse unhas normas de funcionamento da Mesa, que deberán ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Normas de funcionamento da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo:

- 1.- O seu funcionamento axustarase ao previsto na Subsección 1, da Sección 3, do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), coas especialidades previstas nestas normas.
- 2.- A Mesa se reunirá en sesión ordinaria ao menos un día á semana, previa convocatoria polo presidente.
- 3.- A convocatoria das sesións ordinarias será enviada por correo electrónico aos membros da Mesa polo secretario, cunha antelación mínima de 48 horas, contendo a orde do día e a documentación relativa aos asuntos a tratar.
- 4.- Poderá alterarse a orde do día da sesión da Mesa, sen respectar o prazo mínimo previsto no punto anterior, sempre e cando os novos asuntos a incluír non esixan o envío de documentación para o seu estudo polos membros da Mesa, ou se trate do exame e cualificación da documentación presentada polo primeiro clasificado nun procedemento de contratación.
- 5.- Poderá convocarse sesión extraordinaria da Mesa cando a natureza dos asuntos a tratar, así o requira. Neste caso non é preciso respectar o prazo mínimo de convocatoria fixado no punto 3 destas normas. No entanto, será preciso que a maioría dos membros asistentes á sesión validen a convocatoria, circunstancia que se incluírá como punto un da orde do día.
- 6.- Os membros da Mesa poderán participar nos debates das sesións, exercer o seu dereito ao voto e formular voto particular, non podendo abstenerse nas votacións. O secretario terá voz pero non voto.
- 7.- Poderán asistir as sesións da Mesa como asesores con voz e sen voto, para asesorar á mesma, aquelas persoas con cualificación técnica ou xurídica vinculadas co órgano de contratación que poidan ser convocados polo Presidente.
- 8.- A Mesa poderá solicitar os informes técnicos precisos para valorar as ofertas. Os



Concello de Vigo

técnicos que elaboren os informes deberán comparecer ante a Mesa para explicar, se fose necesario, o contido dos mesmos e realizar as aclaracións que sexan precisas.

9.- A Mesa resolverá todas aquelas incidencias que se poidan suscitar con relación aos asuntos incluídos na orde do día das sesións.

10.- Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes.

11.- Contra os acordos da Mesa poderá interpoñerse recurso de alzada ante o órgano de contratación. A proposta de resolución será formulada polo servizo de contratación, previo informe, se fose necesario do servizo xestor. No entanto, previamente ao envío da proposta de resolución ao órgano de contratación, dará conta da mesma á Mesa.

12.- De cada sesión que celebre a Mesa levantarase acta polo Secretario, que especificará entre outros extremos: a data, hora de comezo e lugar da reunión, os asistentes, a orde do día, os asuntos tratados, o resultado das votacións e os acordos ou propostas de resolución adoptados.

13.- As actas das sesións deberán anexarse aos expedientes tratados na mesma e publicaranse no perfil de contratante do Concello de Vigo.

-IV-

Competencia

A competencia para acordar a composición da mesa de contratación permanente e as súas normas de funcionamento correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 326.4 e apartado 4º da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

"Primeiro.- A Mesa de Contratación quedará formada polos seguintes membros:

1. Presidente: D. David Regades Fernández, concelleiro delegado de Contratación

- Suplentes: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. María José Caride Estévez e D^a. María Jesús Lago Rey*

2. Representante do grupo municipal do Partido Popular: D^a. Elena Muñoz Fonteriz

- Suplentes: D. Diego Gago Bugarin e D. Miguel Fidalgo Iglesias*

3. Representante do grupo municipal da Marea de Vigo: D. Rubén Pérez Correa

- *Suplentes: D^a. Margarita López Barreiro e D. Xosé Lois Jácome Enríquez*

4. Titular da Asesoría Xurídica

Suplentes:

- *D^a. Susana García Álvarez, técnica de Administración Xeral, letrada xefa de Asesoramento*
- *D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración Xeral, letrado especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil*
- *D. Xesús Costas Abreu, técnico de Administración Xeral, xefe Área Xudicial*

5. Interventor Xeral:

Suplentes:

- *D^a Olga Gómez Corbal, Interventora Xeral Adxunta*
- *D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización*
- *D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*
- *D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral*

6. Secretario Xeral do Pleno:

- *Suplente: D. Secundino Otero Failde, técnico de Administración Xeral, xefe do servizo de Medio ambiente*

7. Xefe/a do servizo de Contración

Suplentes:

- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración Xeral, xefa do servizo de Transportes*
- *D. Lucio Varela Borreguero, técnico de Administración Xeral*

8. O responsable do contrato, ou persoa na que delegue.

9. Secretario: D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración Xeral

Suplentes:

- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración Xeral, xefa do servizo de Transportes*



Concello de Vigo

- *D. Lucio Varela Borreguero, técnico de Administración Xeral*

Segundo.- A Mesa de contratación auxiliará ao órgano de contratación, ademais de nos procedementos nos que sexa preceptivo por imperativo da lei, nos procedementos con negociación nos que non sexa precisa a publicación de anuncio, excepto no suposto previsto no artigo 168.a). 2º “cando as obras, subministracións ou servizos so poidan ser encomendadas a un empresario determinado”.

Terceiro.- A Mesa de contratación non intervendrá nos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada, agás que se prevea expresamente, no acordo de aprobación do expediente de contratación correspondente.

Cuarto.- Normas de funcionamento da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo:

1.- O seu funcionamento axustarase ao previsto na Subsección 1, da Sección 3, do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), coas especialidades previstas nestas normas.

2.- A Mesa se reunirá en sesión ordinaria ao menos un día á semana, previa convocatoria polo presidente.

3.- A convocatoria das sesións ordinarias será enviada por correo electrónico aos membros da Mesa polo secretario, cunha antelación mínima de 48 horas, contendo a orde do día e a documentación relativa aos asuntos a tratar.

4.- Poderá alterarse a orde do día da sesión da Mesa, sen respectar o prazo mínimo previsto no punto anterior, sempre e cando os novos asuntos a incluír non esixan o envío de documentación para o seu estudo polos membros da Mesa, ou se trate do exame e cualificación da documentación presentada polo primeiro clasificado nun procedemento de contratación.

5.- Poderá convocarse sesión extraordinaria da Mesa cando a natureza dos asuntos a tratar, así o requira. Neste caso non é preciso respectar o prazo mínimo de convocatoria fixado no punto 3 destas normas. No entanto, será preciso que a maioría dos membros asistentes á sesión validen a convocatoria, circunstancia que se incluírá como punto un da orde do día.

6.- Os membros da Mesa poderán participar nos debates das sesións, exercer o seu dereito ao voto e formular voto particular, non podendo abstenerse nas votacións. O secretario terá voz pero non voto.

7.- Poderán asistir as sesións da Mesa como asesores con voz e sen voto, para asesorar á mesma, aquelas persoas con cualificación técnica ou xurídica vinculadas co órgano de contratación que poidan ser convocados polo Presidente.

8.- A Mesa poderá solicitar os informes técnicos precisos para valorar as ofertas. Os técnicos que elaboren os informes deberán comparecer ante a Mesa para explicar, se fose necesario, o contido dos mesmos e realizar as aclaracións que sexan

precisas.

9.- A Mesa resolverá todas aquelas incidencias que se poidan suscitar con relación aos asuntos incluídos na orde do día das sesións.

10.- Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes.

11.- Contra os acordos da Mesa poderá interpoñerse recurso de alzada ante o órgano de contratación. A proposta de resolución será formulada polo servizo de contratación, previo informe, se fose necesario do servizo xestor. No entanto, previamente ao envío da proposta de resolución ao órgano de contratación, dará conta da mesma á Mesa.

12.- De cada sesión que celebre a Mesa levantarase acta polo Secretario, que especificará entre outros extremos: a data, hora de comezo e lugar da reunión, os asistentes, a orde do día, os asuntos tratados, o resultado das votacións e os acordos ou propostas de resolución adoptados.

13.- As actas das sesións deberán anexarse aos expedientes tratados na mesma e publicaranse no perfil de contratante do Concello de Vigo.

Quinto.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo e no Boletín Oficial da Provincia.

Sexto.- Comunicar o presente acordo aos membros da Mesa de Contratación para os efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(243).- AMPLIACIÓN DO PRÉSTAMO TEMPORAL DE PEZAS ARQUEOLÓXICAS DA COLECCIÓN DO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN” CEDIDAS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A EXPOSICIÓN “TEMPORE SUEBORUM. O TEMPO DOS SUEVOS NA GALLAECIA”. EXPTE. 6027/337.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27/02/18 dáse conta do informe-proposta de data 23/02/18, asinado polo director do Museo municipal Quiñones de León, o xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Con data 21 de setembro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou autorizar o préstamo temporal, á Deputación provincial de Ourense, para a súa incorporación na exposición “*Tempore Sueborum. O tempo dos suevos na Gallaecia*”, das seguintes pezas arqueolóxicas da colección do museo municipal “Quiñones de León”:



Concello de Vigo

Lucerna tardía de pico redondeado

nº inv. 9305

Medidas: 2,5 cm x 10 cm

Valor seguro: 500 euros

Plato de Terra Sigillata tardía

nº inv. 9302

Medidas: 5 cm x 31 cm

Valor seguro: 1.000 euros

Conta de pulsera articulada

nº inv. 9331

Medidas: 1,5 cm. x 0,5 cm

Valor seguro: 200 euros

Colgante en vidro negro

nº inv. 9330

Medidas: 2 cm x 1,5 cm

Valor seguro: 200 euros

Contas de collar gallonadas

nº inv. 9344

Medidas: 1,5 cm. X 1,5 cm

Valor seguro: 300 euros

nº inv. 9345

Medidas: 2 cm x 2cm

Valor seguro: 300 euros

Contas de collas de vidro da área mediterránea

nº inv. 9338

Medidas: 2cm x 4 cm

Valor seguro: 900 euros

nº inv. 9339

Medidas: 2cm x 4cm

Valor seguro: 900 euros

nº inv. 9341

Medidas: 1cm x 2cm

Valor seguro: 500 euros

nº inv. 9342

Medidas: 2,5 cm x 0,5 cm

Valor seguro: 500 euros

nº inv. 9343

Medidas: 1cm. x 0,5 cm

Valor seguro: 200 euros

Pé de cáliz en TSA

nº inv. 9360

Medidas: 8cm x 3,5 cm

Valor seguro: 500 euros

Cuenco en TSA D2

nº inv. 9371

Medidas: 12 cm x 6 cm

Valor seguro: 150 euros

Lucerna en TSA da forma Atlante

nº inv. 9267

Medidas: 3,2 cm x 7,8 cm x 4,3 cm

Valor seguro: 500 euros

Plato en TSA Hayer 109A

nº inv. 9474

Medidas: 5 cm

Valor seguro: 500 euros

Contas de collar de ámbar báltico

nº inv. 9379

Medidas: 15 cm x 22cm

Valor seguro: 2.000 euros

Contas espirais en vidro negro

nº inv. 9333

Medidas: 2 x 7 cm

Valor seguro: 200 euros

Autorizado o préstamo, procedeuse ao transporte e presentación das pezas na ante-dita exposición, que se celebra na cidade de Ourense nos espazos Centro Cultural "Marcos Valcárcel", Museo municipal e Igrexa de Santa María Nai.

En data 29 de xaneiro de 2018 a Deputación de Ourense solicita ampliación da prórroga do préstamo das mencionadas pezas, derivada da ampliación da exposición ata o 6 de maio de 2018.

A ampliación do préstamo das pezas solicítase ata 26 de maio, tendo en conta que na ampliación debe incluírse o período necesario, tralo peche da exposición, para desmontaxe e traslado de retorno das pezas ao museo municipal.

En data 16 de febreiro de 2018 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación da Xunta de Galicia, a instancias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, autoriza a prórroga de saída solicitada pola Deputación de Ourense ao resultar preceptiva a súa autorización dacordo co artigo 64.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia -DOG núm 92, de 16 de maio de 2016 (*"O traslado de bens móbiles declarados de interese cultural (BIC) deberá*



Concello de Vigo

ser autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e anotado no Rexistro de Bens de Interese Cultural. Indicarase a súa orixe e destino, o carácter temporal ou definitivo do traslado e as condicións de conservación, seguridade, transporte e, no seu caso, aseguramento”).

Visto que non se experimentan variacións nas condicións xerais de exposición que rexían para o préstamo inicial autorizado; presentada certificado de aseguramento das pezas conforme o periodo de cobertura estendese ata 26 de maio, data final da ampliación solicitada; visto o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arqueoloxía do Museo municipal “Quiñones de León”; coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos; do Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural; do Concelleiro Delegado de Cultura; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.-

“Autorizar a ampliación do préstamo temporal ata o 26 de maio de 2018; das pezas arqueolóxicas da colección do museo municipal “Quiñones de León”; cedidas á Deputación provincial de Ourense para a exposición **“Tempore Sueborum. O tempo dos suevos na Gallaecia”** mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de setembro de 2017; autorización condicionada ao mantemento das condicións xerais que rexían para o préstamo inicial.

- **Lucerna tardía de pico redondeado**
- nº inv. 9305
- Medidas: 2,5 cm x 10 cm
- Valor seguro: 500 euros

- **Plato de Terra Sigillata tardía**
- nº inv. 9302
- Medidas: 5 cm x 31 cm
- Valor seguro: 1.000 euros

- **Conta de pulsera articulada**
- nº inv. 9331
- Medidas: 1,5 cm. x 0,5 cm
- Valor seguro: 200 euros

- **Colgante en vidro negro**
- nº inv. 9330
- Medidas: 2 cm x 1,5 cm
- Valor seguro: 200 euros

- **Contas de collar gallonadas**
- nº inv. 9344
- Medidas: 1,5 cm. X 1,5 cm
- Valor seguro: 300 euros

- nº inv. 9345

- Medidas: 2 cm x 2cm
- Valor seguro: 300 euros

- **Contas de collas de vidro da área mediterránea**
- nº inv. 9338
- Medidas: 2cm x 4 cm
- Valor seguro: 900 euros

- nº inv. 9339
- Medidas: 2cm x 4cm
- Valor seguro: 900 euros

- nº inv. 9341
- Medidas: 1cm x 2cm
- Valor seguro: 500 euros

- nº inv. 9342
- Medidas: 2,5 cm x 0,5 cm
- Valor seguro: 500 euros

- nº inv. 9343
- Medidas: 1cm. x 0,5 cm
- Valor seguro: 200 euros

- **Pé de cáliz en TSA**
- nº inv. 9360
- Medidas: 8cm x 3,5 cm
- Valor seguro: 500 euros

- **Cuenco en TSA D2**
- nº inv. 9371
- Medidas: 12 cm x 6 cm
- Valor seguro: 150 euros

- **Lucerna en TSA da forma Atlante**
- nº inv. 9267
- Medidas: 3,2 cm x 7,8 cm x 4,3 cm
- Valor seguro: 500 euros

- **Plato en TSA Hayer 109A**
- nº inv. 9474
- Medidas: 5 cm
- Valor seguro: 500 euros

- **Contas de collar de ámbar báltico**
- nº inv. 9379
- Medidas: 15 cm x 22cm
- Valor seguro: 2.000 euros



Concello de Vigo

- **Contas espirais en vidro negro**
- nº inv. 9333
- Medidas: 2 x 7 cm
- Valor seguro: 200 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(244).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO DO APARCAMENTO PÚBLICO DA PRAZA DE PORTUGAL DE VIGO. EXPTE. 1580/449.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez